



ACTUALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NA INCAPACIDADE TEMPORAL NA ATENCIÓN PRIMARIA FRONTE Á EXPOSICIÓN AO NOVO CORONAVIRUS EN GALICIA

Este protocolo é de aplicación a todos os traballadores sexan por conta allea ou propia, agás os traballadores do ámbito sanitario e sociosanitario por ter desenvolvido un protocolo específico.

I.- MANEXO DE CASOS

Os **casos** clasificaranse do seguinte modo:

Caso confirmado: caso que cumpre o criterio de confirmación por laboratorio (PCR ou test diagnóstico positivo de antíxeno ou anticorpo).

Caso probable: caso de infección respiratoria aguda grave con criterio clínico e radiolóxico compatible cun diagnóstico de COVID-19 non confirmado.

Caso posible: caso con infección respiratoria aguda leve ao que non lle realicen unha proba de diagnóstico microbiolóxico.

PROCEDE A BAIXA LABORAL NOS “CASOS CONFIRMADOS”, “PROBABLES” E “POSIBLES”

Caso confirmado: código B34.2
Caso probable: código Z20.828
Caso posible: código Z20.828

A duración da baixa laboral dependerá da situación clínica do paciente e da realización ou non da proba diagnóstica microbiolóxica.

a) Traballadores con infección respiratoria leve sen ingreso hospitalario¹:

Se lles indicará illamento domiciliario que se manterá durante 3 días dende a resolución da febre e do cadro clínico, cun mínimo de 7 días dende o inicio dos síntomas.

¹ Modificación: 11 de abril de 2020





b) Traballadores con “infección respiratoria moderada/grave con hospitalización”:

- x Paciente con PCR positiva á alta hospitalaria: continuará en illamento domiciliario durante 14 días dende a alta hospitalaria, tendo en conta que deben ter transcorrido 3 días dende a resolución da febre e do cadro clínico. Valorarase a alta laboral ao finalizar o illamento.
- x Paciente con PCR negativa á alta hospitalaria: non procede illamento domiciliario. Procederá valorar a alta laboral cando o cadro clínico estea resolto.

II.- TRABALLADORES ESPECIALMENTE SENSIBLES

O Ministerio de Sanidade definiu como grupos vulnerables² para Coronavirus ás persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular (incluída hipertensión), enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, embarazo e maiores de 60 anos.

Os traballadores con especial sensibilidade deben ser valorados polos Servizos de Prevención de Riscos Laborais das súas empresas (SPRL).

Cando non haxa posibilidade de adaptación do posto de traballo, de protección adecuada que evite o contaxio ou de reubicación a outro posto exento de risco de exposición no ámbito laboral, o dito SPRL emitirá un **INFORME** polo que considera que o traballador debe pasar a situación de incapacidade temporal, debendo especificar a súa data de inicio.

Á vista do dito informe, o MAP estenderá o parte de baixa laboral co código Z20.828, sempre e cando se confirme coa información dispoñible na historia clínica que pertence ao grupo vulnerable e se trate dun traballador que teña a obriga de asistir ao centro de traballo.

III.- MANEXO DE CONTACTOS

Clasifícase como **contacto estreito de casos posibles, probables ou confirmados aos traballadores asintomáticos³** que:

- Proporcionaron coidados mentres o “caso” presentara síntomas.
- Sexan conviventes, familiares e persoas que estiveran no mesmo lugar que un “caso”, mentres o “caso” presentaba síntomas, a unha distancia menor de dous metros durante un tempo mínimo de 15 minutos.

² Modificación: 8 de abril de 2020

³ Os contactos con clínica compatible con infección por COVID-19: consultar Manexo de casos





Procede emitir baixa laboral co código Z20.828, tanto para traballadores por conta allea como propia, nos contactos estreitos cun caso posible, probable ou confirmado cando estea indicado o illamento domiciliario por:

- A autoridade sanitaria (conselleiro, director xeral de Saúde Pública, xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade).
- O Servizo de Prevención de Riscos Laborais (contacto cun caso, no ámbito laboral)

- O médico de atención primaria (contactos cun caso, fóra do ámbito laboral)

A baixa laboral terá unha duración de 14 días:

- Dende a data do último contacto co caso, en “non conviventes”.
- Dende a finalización do illamento do caso, “en conviventes.”

NON PROCEDE A BAIXA LABORAL

- Nos contactos casuais.
- Nos traballadores que non teñan a obriga de acudir aos centros de traballo (traballadores con teletraballo ou de empresas cuxa actividade estea suspendida como consecuencia da declaración do estado de alarma).
-

IV.- CONTINXENCIA

1.- Os partes de baixa deberán ser emitidos como **Enfermidade Común**. O RD Lei 6/2020, do 10 de marzo, considerou estas situacións como asimiladas aos efectos da prestación económica de accidente de traballo, tanto para traballadores por conta allea como por conta propia. Por tal motivo, aínda que a baixa sexa por enfermidade común, cando os códigos diagnósticos sexan os correctos, o INSS, mediante un procedemento interno, convérteos en accidente de traballo aos efectos da prestación económica da IT.

2.- No caso confirmado de infección por Covid-19, cando se probe que o contaxio vén provocado por causa exclusiva na realización do traballo emitirase a baixa laboral como **Accidente de traballo**⁴, sempre e cando a empresa acredite documentalmente o citado accidente laboral.

⁴ Rd lei 13/2020, de 7 de abril.





3.- Os códigos válidos para a mecanización informática son os seguintes:

B34.2: infección debida a coronavirus non especificada.

Z20.828: contacto e (sospeita de) exposición a outras
enfermedades víricas transmisibles.

V.- TRAMITACIÓN

Serán os médicos do Servizo Galego de Saúde os que emitan os partes de baixa, confirmación e alta dos traballadores, sexan por conta propia ou allea, que estean afectados polo COVID-19, tanto sexa a continxencia enfermidade común como accidente de traballo. No caso de accidente de traballo terase que acreditar que a infección por COVID-19 do traballador teña a súa orixe exclusiva no medio laboral.

A duración estimada para estes procesos de IT, segundo o RD 625/2014, fíxase entre 5 a 30 días naturais (procesos de curta duración). A emisión do primeiro parte de confirmación non excederá de máis de 7 días naturais á data da baixa inicial. Os sucesivos partes, no caso de seren necesarios, non poderán emitirse cunha diferenza de máis de 14 días naturais entre si.

Os partes de baixa, confirmación e alta relacionados coa exposición ao COVID-19 poderán ser emitidos sen a presenza física da persoa traballadora. Estes partes emitiranse coa periodicidade correspondente e poderán ser remitidos por vía telemática, se así o solicita o paciente, ou seren recollidos no Centro de Saúde por unha persoa autorizada.

Cando se teña coñecemento do período de illamento/contaxio ou enfermidade con posterioridade ao seu inicio, emitiranse os partes con carácter retroactivo.

VI.- RECORDATORIO

Por último, recórdase que non se deben emitir os partes de baixa laboral cando non exista xustificación clínica (estean motivados ou non polo COVID-19), cando sexan remitidos pola empresa/asesores por presentar patoloxías previas sen a indicación expresa de baixa laboral polo servizo sanitario do Servicio de Prevención de Riscos Laborais ou por calquera outra motivación espuria.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría
e Acreditación de Servizos Sanitarios

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 881 542 702
inspeccion.sccc@sergas.gal
www.sergas.gal



Deberá deixarse constancia no IANUS da non procedencia da baixa laboral ao non cumprir os criterios de IT.

Calquera IT poderá ser investigada pola Inspección Médica e será anulada se non reúne os criterios de IT.

No caso de que os traballadores non estean de acordo coa decisión do MAP de non emitir baixa laboral (ou da alta laboral), poderán presentar unha reclamación previa á vía xudicial social no prazo de once días hábiles. Estas reclamacións serán valoradas nas Unidades de Inspección e Control da Saúde Laboral dos Servizos de Inspección de Servizos Sanitarios e a resolución final será comunicada aos reclamantes.

Ante calquera dúbida poderán consultar coa Unidade de Inspección e Control da Saúde Laboral da Inspección de Servizos Sanitarios.

A subdirectora xeral de Inspección de Servizos Sanitarios

Inmaculada Martín Biedma

ESTE PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN ESTÁ SUXEITO A UNHA CONTINUA ACTUALIZACIÓN (OS CAMBIOS SINALÁRONSE EN AMARELO).

14/04/2020



Xacobeo 2021